

REF: NF/

CONTRATACIÓN DUNHA SUBMINISTRACIÓN PARA PUBLICAR EN INTERNET UN DICCIONARIO DE GALEGO, CON CORRESPONDENCIAS EN CASTELÁN, PORTUGUÉS E INGLÉS, POR PROCEDIMENTO ABERTO E MEDIANTE A FORMA DE CONCURSO

Informe técnico adxudicación: deserto

Á vista da proposta técnica formulada pola empresa DISCOUNT INFORMÁTICO, única oferta admitida para optar á adxudicación deste contrato, na que se aprecia unha notable falta de precisión e desenvolvementos das diversas prescricións previstas nos Pregos de prescricións técnicas e administrativas, entre a que se atopa a falta de referencia ao contido do dicionario en canto base de datos terminolóxica, esta secretaría xeral viuse na necesidade de solicitar aclaracións a empresa e en sendas reunións realizadas co representante da empresa precisouse que, en efecto, na oferta non contemplaran a citada base de datos, e alegaron a falta de detalle do prego de prescrición técnicas (PPT) a este respecto.

Revisado o PPT, si se pode apreciar unha certa indefinición a este respecto, que xa fixo necesario publicar unha corrección de erros, na fase de información pública do anuncio, ante as numerosas consultas realizadas por diversas empresas sobre este particular.

Polo tanto, para conseguir un desenvolvemento contractual sen incidencias un produto de calidade en salvagarda do interese público, parece oportuno deixar deserto o concurso e, de ser o caso, iniciar outro expediente no que se aclare o contido mínimo da base de datos de terminoloxía. A parte técnico-informática do PPT, non parece presentar problemas.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2007

A xefa do servizo de Plans, Programas e Asesoramento Lingüístico

Nita Ferreiro Novoa

MESA DE CONTRATACIÓN